



**Resolución do 5 de decembro de 2022 da Universidade da Coruña, pola que se corrixe o erro detectado no nomeamento e composición do tribunal suplente que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala técnica de especialistas (subescala delineante).**

Mediante a Resolución do 5 de xullo de 2021 (DOG do 21 de xullo) convocáronse probas selectivas para a provisión de 1 praza da escala técnica de especialistas (subescala delineante) da Universidade da Coruña vacante no cadro de persoal funcionario.

Por resolución do 25 de novembro de 2022 nomeouse e ordenouse publicar a composición do tribunal (titulares e suplentes) que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala técnica de especialistas (subescala delineante). Publicouse na sede electrónica o día 30 de novembro de 2022.

O artigo 59 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia establece que non pode formar parte dos órganos de selección o persoal laboral temporal e por isto, unha vez detectado o erro na composición do tribunal suplente, dado que Isaac R. López César é profesor axudante doutor, procede nomear outro vogal suplente no seu relevo. Propónse a D<sup>a</sup> Luz Paz Agras, profesora titular da Universidade da Coruña.

Esta Xerencia, no uso das atribucións conferidas no artigo 40 dos Estatutos desta Universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26 de maio), e da delegación de competencias operada por Resolución reitoral do 14 de xaneiro de 2020, e conforme ao establecido na base 6.1 da convocatoria,

**RESOLVE:**

Publicar a substitución do vogal suplente D. Isaac R. López César e nomear como vogal suplente do tribunal que xulgará as probas selectivas para o ingreso na escala técnica de especialistas (subescala delineante) da Universidade da Coruña, a **D<sup>a</sup> Luz Paz Agras, funcionaria e profesora titular da Universidade da Coruña.**

A Coruña, asinado dixitalmente

O xerente  
P.D. Reitor (14.01.2020)

Ramón del Valle López

Código Seguro De Verificación	QoqQjiR4RXjWxrS8Vw+dAQ==	Estado	Asinado	Data e hora	05/12/2022 14:24:06
Asinado Por	XERENTE - Ramón Alberto Del Valle López	Páxina	1/1		
Observacións					
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/QoqQjiR4RXjWxrS8Vw+dAQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/QoqQjiR4RXjWxrS8Vw+dAQ==</a>				
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).				

